



CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Dna. M^a Rosario García Lorenzo, solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a actividade de Centro de Cría Canina, en A Cigoñeira, 36, Damil.

En cumprimento do disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que durante este prazo - que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia - poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

Begonte, 6 de agosto de 2013.- Tte. de Alcalde, Luis Luaña Castelo

R. 3476

CARBALLEDO

Anuncio

Solicitando desta Alcaldía, GANADERÍA SANTA CRISTINA, S.C., licenza municipal para "ampliación de explotación de ganado vacuno existente" a situar en Santa Cristina, cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008 do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOG- poidan examina-lo expediente, na secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

En Carballedo, a 27 de agosto de 2013.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

R. 3477

CERVO

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 489/2013

Don Alfonso Villares Bermúdez, Alcalde - Presidente do Concello de Cervo (Lugo).

Visto que durante os días comprendidos entre o 29 de agosto e o 5 de setembro de 2013, ambos inclusive, o sr. Alcalde ausentárase do termo municipal.

En virtude do establecido no artigo 63 da Lei de Administración Local de Galicia, aprobada o 22 de xullo de 1997 e nos artigos 47 e 48 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro; RESOLVO:

Primeiro.- Que as facultades inherentes a esta Alcaldía sexan asumidas pola 2º Tte. Alcalde D^a. Yolanda Pedreira Cruz.

Segundo.- Esta Resolución entrará en vigor e producirá efectos o día 29 de agosto de 2013.

Terceiro.- Darase conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar e publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello. Así mesmo, comunicarse á interesada para a súa aceptación.

Cervo, 28 de agosto de 2013.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3478

COSPEITO

Anuncio

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO E PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE COSPEITO PARA 2013

Finalizado o prazo de exposición ao público do acordo de aprobación inicial do Orzamento do exercicio 2013, as súas Bases de Execución, Cadro e Plantilla de Persoal, adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 18 de xullo de 2013, sen que fora presentada alegación algunha.

En cumprimento do disposto no citado artigo 169 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no artigo 20.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e no 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o resume por capítulos do referido orzamento, así como o cadro e plantilla de persoal, e as indemnizacións e asistencias:

A) RESUME POR CAPÍTULOS DOS ESTADOS DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2013:

ESTADO DE GASTOS

	A.- OPERACIONES CORRIENTES	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSONAL	822.030,61€
2	GTOS CTES EN BS Y SERVICIOS	1.339.792,53€
3	GTOS FINANCIEROS	150.711,22€
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	123.460,86€
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	2.435.995,22€
	A.- OPERACIONES DE CAPITAL	IMPORTE
6	INVERSIONES REALES	119.756,09€
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00€
8	ACTIVOS FINANCIEROS	3.000,00€
9	PASIVOS FINANCIEROS	161.872,14€
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	284.628,23€
	TOTAL PTO DE GASTO	2.720.623,45€

ESTADO DE INGRESOS

	A.- OPERACIONES CORRIENTES	IMPORTE
1	IMPUESTOS DIRECTOS	635.557,68€
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	23.848,85€
3	TASAS, P.P. Y OTROS INGRESOS	267.600,81€
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.753.557,03€
5	INGRESOS PATRIMONIALES	2.516,78€
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	2.683.081,15€
	A.- OPERACIONES DE CAPITAL	IMPORTE
6	ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES	0,00€
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	34.542,31€
8	ACTIVOS FINANCIEROS	3.000,00€
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00€
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	37.542,31€
	TOTAL PTO DE INGRESOS	2.720.623,45€

B) CADRO DE PERSOAL E PLANTILLA:**B.1.) Cadro de persoal:****B.1.I) Persoal funcionario:**

Denominación da praza	Subgrupo	Nº de prazas	Observacións
1. Habilitación de carácter Estatal:			
Secretaría Xeral	A1	1	
Interventor Xeral	A1	1	
2. Escala de Administración Xeral:			
a) Subescala Administrativa:			
Administrativa	C1	1	
b) Subescala Auxiliar:			
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Situación de servizos especiais
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	
c) Subescala Subalterna:			
Subalterno - Conserxe Casa da Cultura	AP	1	Vacante
Subalterno - Conserxe Casa Consistorial	AP	1	Vacante
3. Escala de Administración Especial			
a) Subescala Técnica:			
a) Subescala Técnica:			
- Clase: Técnicos superiores:			
Economista. Adscrito funcións de Tesourería	A1	1	Vacante. Funcionario da propia Administrac.
b) Subescala de Servizos Especiais:			
- Clase: Persoal de Oficios:			
Operario de servizos	AP	1	
Axudante de servizos	AP	1	Vacante

B.1.II) Persoal laboral:

Denominación da praza	Nº de postos	Carácter	Observacións
1. Seguridade e protección Civil:			
2. Servizos asistenciais e centros de saúde:			
Conserxe de edificios municipais, centro médico	1	Fixo	
3. Ensinanza e promoción educativa:			
Limpador centros de ensino	1	Fixo	
Limpadora centros de ensino	1	Fixo	
4. Promoción da cultural:			
Limpadora centros culturais	1	Fixo	
5. Promoción do emprego			
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	Fixo	Vacante
6. Urbanismo e arquitectura:			
Persoal de oficios varios: Oficial de 1ª	1	Fixo	
Persoal de oficios varios: Oficial de 1ª	1	Fixo	Vacante
Persoal de oficios varios: Oficial de 1ª	1	Fixo	Vacante
7. Recollida de lixo e limpeza viaria :			
Oficial de 1ª	1	Fixo	
8. Estradas, camiños veciñais, vías públicas urbanas:			
Condutor operador desbrozadora	1	Fixo	Vacante
Oficial de 1ª	3	Fixo	Vacante
Peón	2	Fixo	Vacante

B.1.III) Resume:

Expresión	Núm. Postos de traballo
Total funcionarios	11
Total persoal laboral fixo	15
Total postos de traballo 2013	26

B.2.) Plantilla:**B.2.I) Persoal funcionario:**

Código	Postos de traballo	V	D	NCD	TP	FP	C/E/S	TA
A)	Administración Xeral							
A1	Secretaria xeral	NON	1	30	SI	C	FALHE	Licen. Dereito, C. Políticas....
A2	Interventor xeral	SI	1	30	SI	C	FALHE	Licen. Dereito, C. Políticas, Econ. Ou Empresariais
A3	Administrativa	NON	1	22	NON	OPL	AXA	Bachiller FP 2º gao ou equivalente
A4	Auxiliar administrativo	NON	1	18	NON	OPL	AXAU	Graduado escolas FP 1ª grao ou equivalente
A5	Auxiliar administrativa	NON	1	18	NON	OPL	AXAU	Graduado escolas FP 1ª grao ou equivalente
A6	Auxiliar administrativa	NON	1	18	NON	OPL	AXAU	Graduado escolas FP 1ª grao ou equivalente
Código	Postos de traballo	V	D	NCD	TP	FP	C/E/S	TA
A7	Subalerno. Conserxe Casa Consistorial	SI	1	13	NON	C-OPL	AXS	Certificado de escolaridade
A8	Subalerno. Conserxe Casa da Cultura	SI	1	13	NON	C-OPL	AXS	Certificado de escolaridade
	Total Administración Xeral.....		8					
B)	Administracións especial. Subescala técnica							
B1	Técnico da administración especial. Economista	SI	1	30	SI	OPL	AET	Lice. en económicas, empresarias, dereito ou análogas.
	Total Administración Financ....		1					
C)	Administracións especial. Subescada de servizos especiais.							
C1	Subalerno. Axudante de servizos especiais	SI	1	10	SI	OPL	AES	Certificado de escolaridade
C2	Subalerno. Operario de servizos especiais	SI	1	10	SI	OPL	AES	Certificado de escolaridade
	Total Administración especial. Subescala de servizos especiais....		2					
	Total funcionarios de carreira		11					

B.2.II) Persoal laboral fixo

Código	Postos de traballo	V	D	TP	FP	TA	FE	TC
B)	Promoción do emprego							
B1	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	SI	1	SI	C-COPL	Licenciado en dereito	SI	FTC
C)	Cultura							

C1	Limpadora de centros culturais	SI	1	NON	C-COPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
D)	Servizos asistenciais e centros de saúde							
D2	Conserxe de edificios municipais, centro médico	NON	1	NON	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
E)	Ensinanza							
E1	Limpador centros de ensino	NON	1	NON	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
E2	Limpadora centros de ensino	NON	1	NON	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
F)	Urbanismo e arquitectura							
F1	Oficial de 1ª	NON	1	SI	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
F2	Oficial de 1ª	SI	1	SI	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
F3	Oficial de 1ª	SI	1	SI	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
G)	Recollida de lixo e limpeza viaria							
G1	Oficial de 1ª	NON	1	SI	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
H)	Estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas							
H1	Conductor desbrozadora	SI	1	NON	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
H2	Oficial de 1ª	SI	1	NON	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
H3	Oficial de 1ª	SI	1	NON	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
H4	Oficial de 1ª	SI	1	NON	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
H5	Peón	SI	1	NON	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
Código	Postos de traballo	V	D	TP	FP	TA	FE	TC
H6	Peón	SI	1	NON	C-OPL	Certificado de escolaridade	NON	FTC
	Total persoal laboral fixo.....		16					

Abreviaturas

V: Vacante

D: Dotación

NCD: Nivel de Complemento de Destino

TP: Tipo de Postos (S : singularizado; NS: non singularizado)

FP: Forma de provisión (C: concurso; OPL: oposición libre; C-OPL: concurso- oposición libre)

C/E/S: Corpo/Escala/Subescala:

-FHCE: Funcionario da Administración Local con Habilitación de carácter Estatal.

-AXA: Administración Xeral Administrativa

-AXAU: Administración Xeral Auxiliar Administrativa.

-AXS: Administración Xeral Subalterna

-AET: Administración Especial Técnica

-AES: Administración Especial Subalterna.

TA: Titulación académica.

FE: Formación específica.

TC: Tipo de contrato (FTC: fixo a tempo completo; FTP: fixo e tempo parcial; OSTC: obra ou servizo a tempo completo; OSTP: obra ou servizo a tempo parcial; OSISCT: obra ou servizo de inserción social a tempo completo; OSISTP: obra ou servizo de inserción social a tempo parcial).

C) RETRIBUCIÓN DE CARGOS ELECTOS:

Dedicacións exclusivas e parciais:

Cargo electo	Retribucións anual	Pagas extras	Total retribución
1ª Tenencia de Alcaldía (dedicación parcial)	13.886,88	2.314,48	16.201,36
2ª Tenencia de Alcaldía (dedicación parcial)	10.415,16	1.735,86	12.151,02

D) INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS:

Asistencia a órganos Colexiados dos cargos electos sen dedicación parcial ou exclusiva:

- a) Por asistencias as sesións do Pleno: 120,00 Euros brutos sesión/corporativo. Cun máximo de dúas sesións mensuais.
- b) Por asistencias a sesións da Xunta de Goberno Local: 120,00 Euros brutos sesión/corporativo.
- c) Por asistencias a Comisións Informativas: 80,00 Euros, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais ás que se asista efectivamente.

Para que poida apreciarse a concorrencia efectiva, os concelleiros deberán presentarse no lugar de celebración da sesión na hora da convocatoria. Transcorridos como máximo vinte minutos desde a hora da convocatoria da sesión, os membros do órgano Colexiado que non estean presentes non poderán figurar na acta correspondente nin devengarán ó seu favor os dereitos de cobramento da asistencia anteriormente regulada.

Aqueles membros da Corporación que realicen comisión de servizo fora do termo municipal do municipio de orixe terán dereito a ser indemnizados nas condicións e polas contías fixadas na normativa estatal sobre indemnizacións por razón de servizo.

De conformidade co establecido no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo pon fin a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse directamente recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante a sala do Contencioso –Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigos 10.1.b e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso – administrativa), sen que a súa interposición suspenda por si soia a aplicación do orzamento definitivo aprobado pola Corporación.

Cospeito a 2 de setembro de 2013.- O ALCALDE EN FUNCIÓNS, Fernando Carballeira Rábade

R. 3534

LOURENZÁ*Anuncio*

Por acordo plenario de 16/08/2013 elevouse a definitivo o acordo de 20/05/2013 polo que se aproba a ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL sendo o texto do acordo, na súa parte dispositiva, e da Ordenanza o que se transcriben a continuación e que se fan públicos de conformidade co disposto no artigo no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local:

I.- ACORDO PLENARIO DE 16/08/13:

"10º.- DACIÓN DE CONTA DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE LOURENZÁ E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

Seguidamente e chegado este punto da Orde do día, pola Alcaldía informouse de que presentárase unha alegación pola "Confederación Gallega de Empresarios de la Madera" á Ordenanza que fora aprobada na sesión plenaria anterior celebrada o día vinte de maio, e que dado que dita alegación, con pequenas variacións, se presentara en tódolos concellos da Mancomunidade Mariñá, na última reunión desta acordárase que o Secretario da mesma emitira un informe común para tódolos concellos que era o que constaba no expediente de documentación do Pleno e do que dispoñían tamén os grupos da oposición. (.....)

Así pois, dado por finalizado o debate e considerando suficientemente debatido o asunto, e visto que o anuncio de aprobación inicial da Ordenanza REGULADORA DE USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, aprobada inicialmente polo Pleno na sesión celebrada o pasado vinte de maio do ano en curso, estivo exposto ao público mediante anuncio en el BOP da Provincia núm.126 de 03/06/2013 e que durante dito prazo presentouse unha alegación, en tempo e forma, por D^a. Ana Orons Mata, Secretaría Xeral, en representación Confederación Gallega de Empresarios de la Madera, con domicilio social en Vía Pasteur 43-2º, oficina núm.19 del Polígono del Tambre (Santiago de Compostela) o día 05/07/2013, sendo rexistrado de entrada co núm. 106060 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia e no rexistro do Concello o día 10/07/13, co núm.970.(...)

CONCLUSIÓNS:

1ª.-A licenza ou autorización prevista no art. 16 da "ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL", e a comunicación prevista no seu art. 17, non contraveñen a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, por canto o ben xurídico protexido nesta Lei son os propios montes e terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, someténdose a autorización autonómica previa, como xa se ha expuxo, determinadas actividades a desenvolver

nos montes e terreos de dominio público; mentres que na ordenanza obxecto deste informe o ben xurídico protexido son as vías públicas ou camiños urbanos e rurais municipais, podendo regular o Concello a protección e conservación de camiños e vías rurais municipais de acordo cos artigos 4º a) e 25.2 d) da LRBRL.-

2ª.-Á vista do contido dos distintos capítulos da ordenanza e da xurisprudencia de aplicación ao caso presente, non se aprecia vulneración do principio constitucional de igualdade e de non discriminación previsto no art. 14 da Constitución española.-

3ª.-A esixencia da dita fianza non se pode considerar en ningún caso unha “fonte de financiamento irregular do mantemento do desgaste natural das pistas de titularidade municipal”, senón que a mesma prevese, para o suposto de que se produzan danos ou deterioros, non ordinarios, nas vías de titularidade municipal cuxo valor de reparación ou reposición no se previra, precisamente polo seu carácter extraordinario. E, en definitiva, para asegurar a adecuada utilización e conservación dos mesmos.-

4ª.-A esixencia a través da ordenanza da obtención dunha autorización para desenvolver as actividades relacionadas no art. 16 da mesma, así como a obriga de comunicación e do depósito dunha fianza, previstos no art. 17 da referida ordenanza, non supoñen unha sobrecarga administrativa, senón máis ben unha garantía fronte a posibles actuacións arbitrarias das administracións locais.-

5ª.-En consecuencia, a “ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL”, publicada no BOP de Lugo 126 de 03/06/2013,, é, por conseguinte, totalmente válida e axustada a dereito, propoñéndose a desestimación das alegacións presentadas contra a mesma pola CONFEDERACIÓN GALLEGA DE EMPRESARIOS DE LA MADERA.-

A continuación pasouse á votación e O Pleno, en votación ordinaria e con sete votos a favor, do Partido Popular e B.N.G., e catro abstencións, do P.S. de G.-P.S.O.E., ACORDA:

PRIMEIRO. Rexeitar as alegacións presentadas, en tempo e forma, e trrascriptas " ut supra" por Dª. Ana Orons Mata, Secretaría Xeral, en representación de la Confederación Gallega de Empresarios de la Madera (Confemadera) e achegar a dita Confederación certificación do presente acordo para o se coñecemento e efectos oportunos.

SEGUNDO. Elevar a definitivo o acordo adoptado polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 20/05/2013, no que aprobouse a ORDENANZA REGULADORA DE USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS. O presente acordo resolvendo as reclamacións presentadas e coa redacción definitiva da Ordenanza haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO. A Ordenanza aprobada entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

CARTO. Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

II.- TEXTO DEFINITIVO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

PREÁMBULO

O importe conxunto de investimentos que durante os últimos anos se viñeron realizando no municipio para rehabilitar pistas e acondicionar camiños de titularidade municipal, induce a implantar unha normativa que, sen diminuír os dereitos que todos gozan para transitar, free o uso inadecuado ou desproporcionado dos mesmos e o conseguinte deterioro dos firmes.

O período transcorrido desde a data en que estas vías se acondicionaron serviu para que a Corporación coñeza os resultados que se derivan da inexistencia dunha normativa que impida o uso indiscriminado e negligente destes bens de dominio público.-

En orde a reducir e eliminar paulatinamente esta situación, e ao abeiro das previsións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos Regulamentos de bens e servizos de aplicación na administración local, así como da Lei 5/19977, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establécese a presente normativa.-

Así mesmo, invócase o artigo 10 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, como motivación para o dictado das normas que se pretende na presente regulación, así como en materia de sancións por aplicación supletoria das disposicións contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-

TÍTULO I.- XENERALIDADES.

Capítulo 1.- Habilitación normativa.

Artigo 1.- A presente Ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria municipal recoñecida no Art. 4º a) da Lei reguladora das Bases de Réxime local 7/1985, dentro da esfera das súas competencias, entre as que se atopa segundo o establecido no Art. 25.2 d) da citada Lei, a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; pavimentación de vías públicas e conservación de camiños e vías rurais.

Capítulo 2.- Obxecto e definicións.

Artigo 2.- O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do uso e aproveitamento das vías públicas ou camiños urbanos e rurais, dentro do termo municipal de Lourenzá exceptuando as servidumes típicas de fincas illadas que se rexerán polos Artigos dende o 564 ao 568 do Código Civil.

Artigo 3.- Definicións.

- **Vía pública:** Aos efectos desta Ordenanza enténdese por vía pública as avenidas, rúas, paseos, beirarrúas, prazas, cunetas, camiños, tanto urbanos como rurais, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas, pontes, túneles, peonís, e demais bens de propiedade municipal destinados ao uso común e xeral dos cidadáns.
- **Camiño:** Aos efectos desta Ordenanza enténdese por camiño o viario de dominio e uso público de terra de pequenas dimensións para tráfico local.-
- **Estrada:** Aos efectos desta Ordenanza enténdese por estrada ás vías de dominio e uso público asfaltadas, proxectadas e construídas para a circulación de vehículos.-
- **Cortas de madeira:** Aos efectos desta Ordenanza enténdese por corta a operación silvícola de apeo das árbores, entendéndose por corta de policía as cortas de mellora que afectan só o arboredo seco, enfermo ou danado.
- **Sacas de madeira:** Tarefas de extracción, depósito, carga e transporte de madeira procedente de talas forestais que ocupen ou afecten a vías de titularidade municipal.

TÍTULO II. USOS E APROVEITAMENTOS.

Artigo 4.- A finalidade das vías públicas é o seu uso pacífico, libre, seguro e xeral, tanto para persoas como para animais e vehículos. Por iso, queda prohibido impedir o libre paso por eles, incluíndo dita prohibición calquera práctica cuxo fin ou efecto sexa o de non permitir o uso xeral antes definido, tanto de palabra como por feitos, barreiras, obras ou indicacións escritas de prohibición de paso.

Quedan exceptuadas desta prohibición aquelas que respondan ás necesidades municipais e estean ordenadas pola autoridade competente.

Capítulo I. Limitacións a actividades en cuxo desenvolvemento se faga uso de vías públicas.

Artigo 5.- Circulación de vehículos pesados.

En función á climatoloxía ou a situación que o requira para a protección do firme e a seguridade dos viandantes, o tránsito de vehículos pesados poderá ser regulado segundo o tipo de vía, podendo establecerse a prohibición de circular a vehículos de máis de 10 Toneladas, ou segundo a tipoloxía da vía, a tonelaxe que proceda, exceptuando o tránsito por necesidades de auxilio.

Artigo 6.- Carga, descarga e transporte de materiais e entullos.

Os responsables de operacións de carga, descarga e transporte de materiais ou entullos procederán á limpeza da vía pública e dos elementos desta que se tiveran ensuciado como consecuencia das citadas operacións.

Aos efectos da presente Ordenanza considéranse responsables das operacións de carga, descarga e transporte de materiais ao conductor do vehículo sendo responsables solidarios o subministrador dos materiais e o adquirente dos mesmos. No caso de carga, descarga e transporte de entullos considéranse responsables ao conductor do vehículo e solidariamente ao promotor da obra que xerou ditos entullos.

Artigo 7.- Limpeza e reparación de vehículos en vía pública.

Queda prohibido lavar vehículos e maquinaria na vía pública, efectuarlles cambios de aceite ou outros líquidos, así como reparalos, salvo actuacións puntuais de emerxencia, debendo en todo caso proceder con posterioridade á limpeza da zona afectada.

Capítulo II. Obrigas e limitacións de parcelas e inmobles estremeiros con vía pública.

Artigo 8.- Conservación das cunetas e sumidoiros.

Tódolos propietarios das fincas limítrofes a vías públicas terán a obriga de conservar debidamente as cunetas e sumidoiros estremeiros coas súas propiedades. As labores periódicas de conservación efectuadas polo Concello non eximen ao propietario da súa obriga.

Queda expresamente prohibido o depósito nas cunetas de restos constructivos ou entullos, de materia vexetal, plásticos ou calquera outro elemento que poida supoñer unha obstrucción das mesmas.

En caso de precisar colaboración por parte do Concello na conservación das mesmas comunicárase en tempo e forma debida co fin de minimizar os danos que poida ocasionar a súa obstrucción. No caso de non comunicalo ao propietario estremeiro asumirá a responsabilidade dos posibles danos que se rexistren.

O Concello resérvase o dereito de realizar ou construír novas cunetas, taxeas ou sumidoiros, que permitan unha mellor distribución das augas co fin de diminuír o dano nas vías públicas e mellorar a súa conservación.

Artigo 9.- Limpeza de fincas e solares estremeiras con vías públicas.

Polo que atinxe a roza da vexetación estarase ao regulado nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis da lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, deste xeito:

- a) As fincas de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado situado a menos de 400 metros do monte deberán permanecer limpas de broza, arbustos e vexetación de acordo co previsto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- b) É obriga dos propietarios/as das fincas a realización das tarefas de roza, evitando que a vexetación invada a vía pública, así como as escorrentas laterais, cunetas e pasos de auga.
- c) Así mesmo, é obriga destes propietarios/as de fincas estremeiras coa vía pública, a poda ata unha altura de 4,5 metros das ramas dos árbores que partindo da súa propiedade invadan a vía pública. No caso de árbores de froita estarase ó disposto no artigo 591 do Código Civil.
- d) En caso de incumprimento do establecido nos apartados anteriores deste Artigo, o Concello poderá notificar ás persoas responsables as súas obrigas en materia de limpeza de fincas estremeiras coa vía pública. Se no prazo de 15 días naturais os/as titulares das fincas non acometen as tarefas de limpeza, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria dos citados traballos de limpeza, repercutindo o custo destes traballos ao/á propietario/a da parcela e, todo iso, sen prexuízo de seren comunicado, no caso de que non sexa competencia do concello, á Consellería competente nesta materia para que inicie o procedemento sancionador que corresponda.

Artigo 10.- Plantacións.

Para os efectos da distancia de arboredo estarase ao regulado pola lei 7/2012 do 28 de Xuño de Montes de Galicia, (artigo 68) .

Artigo 11.- Arado e outros traballos agrícolas en fincas estremeiras coa vía pública.

O límite da aradura debe ser o límite do noiro ou do terraplén ata onde chegue a maquinaria sempre realizando o traballo dentro da propia finca sen invadir o camiño.

A invasión das cunetas debe de sancionarse. En concreto a apropiación das mesmas para a seu cultivo como si foran parte da finca estremeira.

Todos os traballos que impliquen emprego de maquinaria deberán efectuarse dentro dos límites da propia finca, quedando prohibida a realización de manobras de xirado, arrastre de apeiros ou calquera outra que poidan implicar danos á vía pública.

O arrastre de terras ou calquera outro material debido á entrada ou saída de maquinaria da vía pública deberá de ser retirada polo causante coa maior celeridade posible, sendo responsable subsidiario o propietario da finca de orixe. En calquera caso, se no prazo de 24 horas non se produciu a súa retirada iniciárase o correspondente expediente sancionador.

Capítulo III. Obras efectuadas por particulares que afectan á vía pública.

Artigo 12.- Apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.

Remisión xenérica ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na lexislación urbanística.

Artigo 13.- Ocupacións temporais.

Por razóns de interese público, e de forma motivada, por razóns de interese particular poderán autorizarse ocupacións de carácter temporal ou instalacións desmontables sobre a vía pública, sempre que non alteren o tránsito normal. Estas deberán ser autorizadas polo órgano local competente.

Artigo 14.- Limitacións nos accesos das fincas particulares aos camiños.

O Concello pode limitar os accesos dende os camiños públicos ás fincas particulares e establecer con carácter obrigatorio os lugares en que teñen que construírse estes accesos por razóns técnicas.

Estes accesos ou salvacunetas deben construírse con tubaría de cemento ou similar con paramentos debidamente reforzados con formigón e cun diámetro mínimo de 40 cm, debendo permitir o libre transcorrer das augas ao seu través, mantendo o nivel correcto para elo. Excepcionalmente poderá obrigarse ao emprego dun diámetro superior cando sexa xustificable por razóns técnicas.

Os gastos de construción destes accesos correrán a cargo dos seus beneficiarios, e será tamén da súa responsabilidade o seu mantemento e substitución.

Os accesos ou salvacunetas manteranse permanentemente en perfecto estado, mantendo libre a luz dos tubos co fin de permitir o perfecto transcorrer das augas, en caso contrario, os danos causados nas vías públicas motivados polo seu atranco correrán a cargo do propietario do mesmo, reservándose o Concello o dereito de levantar dita entrada se con iso se minimizan os danos na vía, correndo os gastos de reposición por conta do seu propietario e todo iso sen prexuízo do inicio do correspondente expediente sancionador.

Art. 15.- Cerramentos e edificacións en fincas estremeiros coa vía pública.

Remisión xenérica ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na lexislación urbanística.

TÍTULO III.- LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

Artigo 16 .- De acordo co establecido no capítulo anterior será precisa licenza, autorización ou comunicación, segundo os casos, para as seguintes actividades:

- a) Para o uso das vías municipais na carga e transporte de madeira así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por esas vías e afecte ao seu estado ou conservación.
- b) Para o depósito de madeira ou outros materiais en vía ou espazo público.
- c) Para a construción de salvacunetas ou accesos ás fincas particulares.
- d) Para ocupacións temporais da vía pública.
- e) Para o cerramento de fincas estremeiras coa vía pública.
- f) Para a apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.
- g) Colocación de paneis publicitarios.

Artigo 17.- Comunicación para o uso das vías de titularidade do concello

1. Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar o risco de accidentes, e sen prexuízo dos permisos, autorizacións, comunicacións ou notificacións, que sexan outorgados polos organismos competentes na materia ou postos en coñecemento destes, establécese a obriga de comunicar perante o Concello as cortas de madeira que se realicen e que para a súa saca usen as vías de titularidade municipal, así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por estas vías e afecte ao seu estado ou conservación establecéndose a obriga de solicitar o seu uso ao Ente Local.

A comunicación será realizada no concello antes de se iniciar a actividade e no caso das cortas ou talas de madeira, o comprador, ou titular da empresa madeireira responsable, antes de iniciar o aproveitamento para solicitar o uso das vías, entregará no concello unha copia do permiso, autorización comunicación ou notificación de que se trate, achegando xunto a comunicación dos traballos a realizar na que se especificarán os datos seguintes:

- a) Titular o titulares da finca ou monte afectado.-
- b) Datos do empresario madeireiro ou comercial extractora.-
- c) Data ou período previsto para a realización do transporte.-
- d) Previsión de Tns. a extraer.-
- e) Localización da finca ou monte afectado.-
- f) Lugar de depósito, camiños e vías de titularidade municipal a utilizar nos traballos e no transporte da madeira ou actividade de que se trate. Para estes efectos achegarase o ITINERARIO completo e datas da súa utilización que vai ser empregado para a actividade ou traballo de que se trate, que será aprobado, condicionado ou rexeitado polo concello.-
- g) Relación de vehículos que se van a utilizar no transporte facendo constar matrículas, tara e PMA de cada un deles.-
- h) Declaración responsable de reposición de danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar.-
- i) O interesado na súa declaración entenderá que as vías públicas a utilizar atópanse en perfecto estado, agás que achegue unha reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar que será comprobado polos servizos municipais. Posteriormente, trala súa utilización achegará, así mesmo, unha reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.-

Na comunicación farase constar a obriga e conformidade por parte do titular da actividade, de retirar da zona de extracción e depositar no lugar específico todos os lixos que puideran ocasionarse da actividade.

Xunto coa comunicación presentárase o xustificante de ter depositada a fianza ou depósito, que se establece no punto segundo deste artigo por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

2.- O solicitante da autorización do punto anterior, ingresará un depósito ou fianza a favor do Concello, na Tesourería Municipal co obxecto de responder do arranxo dos danos que se puideran producir nos viarios municipais e a limpeza dos restos das operacións de depósito e carga de madeira, non reparados voluntariamente na contía que recolle o seguinte cadro e que será devolta de non haber danos ao rematar os traballos:

Tipo de Vía	Garantía
Camiño	1 €/m lineal
Estrada	2 €/m lineal

As cantidades sinaladas no cadro anterior son para un movemento máximo de 260 Tn. debendo corrixirse por un factor multiplicador de 1,05 por cada intervalo ou fracción, de exceso na mesma cantidade.

3.- A devolución da fianza esixida neste artigo instárase mediante escrito dirixido ao Concello detallando que os traballos quedaron concluídos, así como no seu caso, os posibles danos causados, que deberá ser resolto pola Alcaldía no prazo dun mes trala inspección do servizo técnico municipal, ordenando a devolución pertinente ou requirindo ao titular da autorización para que execute as reparacións precisas.

Transcorrido un mes da resolución sen a realización das obras requiridas, o Concello procederá a execución subsidiaria a costa do solicitante, esixíndolle a este os custos que superen a fianza de ser o caso adoptando as medidas legais necesarias contra o titular da autorización.

4.- Prohíbese realizar tarefas de carga e almacenamento sobre os viarios municipais e estruturas anexas, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga, axustándose á normativa de seguridade viaria e tráfico; en todo caso, as cunetas quedarán no estado primitivo que tiñan trala tala.

Os restos ou depósitos de materiais procedentes da tala, poda ou entresaca, non poderán invadir os viarios, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns.

5.- Sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística, de medio ambiente forestal, do código da circulación e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que puideran ser de aplicación, o posuidor dunha autorización para a tala, depósito, carga e transporte de madeira estará obrigado a reparar de forma inmediata (no prazo máximo de cinco días) os danos producidos nos viarios ou nas estruturas anexas, así como á retirada e limpeza dos restos procedentes das operacións de tala, carga e almacenamento.

Transcorridos cinco días dende o coñecemento dos danos, infracción ou acumulación de restos, o Concello poderá realizar con cargo á fianza depositada as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos sen prexuízo da sanción que proceda e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custes, se estes non foran totalmente cubertos pola fianza.

O exercicio das actividades descritas no presente capítulo sen comunicar a correspondente acción a desenvolver, sen prexuízo da sanción correspondente, implicará a paralización da actividade ata a conclusión do expediente levando aparelada a reposición das vías municipais ao seu ser e estado primitivo

TÍTULO IV.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Capítulo I. Infraccións.

A potestade sancionadora fundaméntase pola aplicación do establecido no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño en base supletoria ás disposicións contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-

Artigo 18.- Son infraccións leves:

- a) A produción de danos nos bens de dominio público, cando o seu importe non exceda de 10.000 euros.
- b) O incumprimento das disposicións que regulan a utilización dos bens destinados a un servizo público polos usuarios do mesmo.
- c) O incumprimento das disposicións que regulan o uso común xeneral dos bens de dominio público.
- d) O incumprimento do deber dos titulares de concesións ou autorizacións de conservar en bo estado os bens de dominio público.
- e) Colocación de paneis publicitarios fora dos lugares habilitados e realización de pintadas infrinxindo o establecido no artigo 16.g) da presente ordenanza.
- f) Producir danos nas vías de titularidade municipal por manobras efectuadas con maquinaria no desenvolvemento de traballos agrícolas en fincas estremeiras coa devanditas vías, incluíndo o arrastre de terras ou doutros materiais.
- g) Deixar abandonados nas vías de titularidade municipal restos de materiais ou entullos como consecuencia de operacións de carga, descarga ou transporte dos mesmos.
- h) Falta de mantemento e limpeza de cunetas.
- i) En xeral, o incumprimento das obrigas, requisitos ou prohibicións establecidos nesta ordenanza, que non estean cualificados como infraccións graves ou moi graves.

Artigo 19.- Son infraccións graves:

- a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade de 10.000 euros e non exceda de 1.000.000 de euros.
- b) A realización de obras, traballos ou outras actuacións non autorizadas en bens de dominio público, cando produzan alteracións irreversibles neles.
- c) A retención de bens de dominio público unha vez extinguido o título que lexítima a súa ocupación.

- d) O uso común especial ou privativo de bens de dominio público sen a correspondente autorización ou concesión.
- e) O uso de bens de dominio público obxecto de concesión ou autorización sen suxeitarse ao seu contido ou para fins distintos dos que as motivaron.
- f) A non suxeición e sometemento a licenza, obtida conforme ao procedemento previsto no artigo 16 da presente ordenanza.-
- g) As actuacións sobre bens afectos a un servizo público que impidan ou dificulten gravemente a normal prestación daquel.
- h) Producir danos nas vías de titularidade municipal por arrastre de apeiros ou maquinaria agrícola.-
- i) O depósito, carga e transporte de mercadorías sen a correspondente comunicación responsable.
- j) A reincidencia en dúas infraccións leves no período de seis meses.
- k) Falta de mantemento e limpeza de salvacunetas e gabias.

Artigo 20.- Son infraccións moi graves:

- a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade dun millón de euros.
- b) A usurpación de bens de dominio público.
- c) A instalación de obstáculos ou a realización de calquera tipo de acto que impida totalmente o tránsito polas vías de titularidade municipal ou xere un elevado risco para a seguridade de persoas e cousas que circulen polas mesmas.
- d) Cando no caso de comisión de infraccións graves concorran algunha das seguintes circunstancias:
 - 1) Malicia ou intencionalidade.
 - 2) Irreversibilidade do dano causado.
 - 3) Reincidencia en dúas infraccións graves no período de un ano.

Capítulo II. Sancións.

Artigo 21.- Importe de sancións

A contía das multas establécese supletoriamente polas establecidas na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, por aplicación da potestade sancionadora recollida no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.-

- a) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de ata 10 millóns de euros, as graves con multa de ata un millón de euros, e as leves con multa de ata cen mil euros.
- b) A infracción contemplada no parágrafo f) do artigo 18 sancionarase cunha multa de ata 10 euros por cada día de atraso no cumprimento do deber de comunicar a existencia dos saldos e depósitos abandonados, a contar desde o trixésimo día natural posterior a aquel en que naza esa obrigaçión.

Para graduar a contía da multa atenderase ao importe dos danos causados, ao valor dos bens ou dereitos afectados, á reiteración por parte do responsable, e ao grado de culpabilidade deste; considerarase circunstancia atenuante, que permitirá reducir a contía da multa ata a metade, a corrección polo infractor da situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinala no correspondente requirimento.

En caso de reincidencia en infraccións graves ou moi graves poderase declarar a inhabilitación do infractor para ser titular de autorizacións e concesións por un prazo dun a tres anos.

Con independencia das sancións que poidan impoñérselle, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e prexuízos causados, no prazo que en cada caso fíxese na resolución correspondente. O importe destas indemnizacións fixarase executoriamente polo órgano competente para impoñer a sanción.

Entrada en vigor

A entrada en vigor da presente ordenanza será ao día seguinte da súa publicación no BOP."

Lourenzá, 28 de agosto del 2013.- La Alcaldesa - Presidenta, Emma Álvarez Chao.

R. 3479

Anuncio

Aprobada inicialmente a **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR** do Concello de Lourenzá, mediante acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria celebrada o día 16 de agosto de 2013, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por un prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Lourenzá, 19 de agosto do 2013.- A Alcaldesa - Presidenta, Emma Álvarez Chao.

R. 3480

LUGO

Anuncio

Faise público que se atopan expostos no Taboleiro de Anuncios municipal, os Decretos desta Alcaldía nºs. 13008227 e 13008228, relativos a aprobación das listas provisionais de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) dos procesos selectivos convocados para a contratación temporal de dez peóns e de dous xefes de brigada para a defensa contra incendios forestais, respectivamente, e ó sinalamento dun prazo para enmendas de dez días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente Anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 30 de agosto de 2013.- O ALCALDE, José Clemente López Orozco

R. 3481

Anuncio

Por Decreto aprobouse a forma de adxudicación mediante procedemento aberto a **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2013 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ACTIVIDADES INFANTIS NOS XARDÍNS DA DEPUTACIÓN, ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN NA RÚA E OUTROS**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:**

É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de produción dos espectáculos organizados polo Concello de Lugo nas festas patronais de San Froilán 2013

Este contrato consta de **3 LOTES** podendo os licitadores presentar oferta a un lote, varios ou á totalidade do lotes xa que aínda que son susceptibles de contratarse nun mesmo procedemento admite unha adxudicación separada segundo o seguinte detalle:

LOTE 1: Producción espectáculos na Horta do Seminario

LOTE 2: Producción espectáculos na praza de Santa María

LOTE 3: Producción de actividades infantis nos xardíns da Deputación, actividades de animación na rúa e outros.

b) **Prazo de execución:** Para o prazo de execución de cada lote ver cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación

Os valores estimados de cada lote son:

LOTE 1: 78.679,34 euros mais o 21 % de IVE (16.522,66 €) polo que o presuposto do contrato é de 95.202 €, IVE incluído.

LOTE 2: 68.816,53 euros mais o 21 % de IVE (14.451,47 €) polo que o presuposto do contrato é de 83.268 €, IVE incluído.

LOTE 3:11.500 euros mais o 21 % de IVE (2.415 €) polo que o presuposto do contrato é de 13.915 €, IVE incluído.

5.- Garantías:

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó primeiro día hábil ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 167,18 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 5 de setembro de 2013.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto nº 13008312), Sonia Mendez Garcia

R. 3535

MONDOÑEDO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 28 de Agosto aprobou os Padróns **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 4º BIMESTRE e da TAXA POR MANTEMENTO DO CEMITERIO DO 2013.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO os devanditos padróns para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalos e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que as taxas obxecto deste anuncio estarán ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 16 de Setembro ó 16 de Novembro, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servizos de Recadación da Excma. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais

conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 29 de Agosto do 2013.- O Alcalde, firma ilexible

R. 3482

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 09 de 2013, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día **24 de xullo de 2013** polo importe de **setenta e dous mil oitocentos catro euros con 30 céntimos (72.804,30)**, de acordo co preceptuado e en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

Cap. 1.- Gastos de persoal	1.065.690,04	Euros.
Cap. 2.- Gastos correntes en bens e servicos	716.497,30	“
Cap. 3.- Gastos Financeiros	7.277,35	“
Cap. 4.- Transferencias	72.765,42	“
Cap. 6.- Investimentos	407.107,51	“
Cap. 7.- Transferencias de capital	5.000,00	“
Cap. 8.- Variación de activos financeiros	0,00	“
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros	71.392,32	“
SUMA TOTAL	2.345.729,94	euros

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Monterroso, 29 de agosto de 2013.- O ALCALDE, Antonio E. Gato Soengas

R. 3483

O SAVIÑAO

Anuncio

Cumprindo co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, unha vez que a Comisión Especial de Contas informara favorablemente a Conta Xeral correspondente ao exercicio de **2012**, exponse ao público por prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións á referida conta.

O Saviñao, 29 de agosto de 2013.- O Alcalde, Joaquín González González

R. 3484

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AGUAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: A/27/01894

Asunto: Modificación de características de la concesión de un aprovechamiento de 8 l/seg. En jornada de 12 horas, de agua del rio La Puebla, en San Pedro, parroquia de Neiro T.M. de A Fonsagrada (Lugo), otorgada el 17/02/1984 por la Comisaría de Aguas del Norte de España al Ayuntamiento de Fonsagrada, con destino a abastecimiento a la villa de Fonsagrada.

Peticionario: Ayuntamiento de A Fonsagrada

N.I.F. nº: P2701800A

Domicilio: RU/ Burón, 12 - 27100 - A Fonsagrada (Lugo)

BREBE DESCRIPCIÓN DE LA MODIFICACIÓN:

Se pretende modificar el punto de toma para captar aguas únicamente del cauce "Rego de Trasmonte", mediante un azud de 2 m. de altura y 8 m. de longitud.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 22 de febrero de 2013.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez

R. 3469

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL. COMISARÍA DE AGUAS*Anuncio***Expediente: A/27/19740**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 19 de julio de 2013 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Ayuntamiento de Pantón, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,54 l/s de agua procedente de un pozo sito en la parcela catastral 968 del polígono 89, en la parroquia de Vilar de Ortelle, T.M. de Pantón (Lugo) para abastecimiento a los núcleos de Areas, Valboa, Eirexe, A Lagariza, Marce, A Morá, Outeiro, Penelas, Ramos, Rachelo, Reitoral, Rubiás, San Romao y Vilar.

Lugo, 27 de agosto de 2013.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 3487

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL. DIRECCIÓN TÉCNICA*Anuncio*

ANUNCIO DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL DE CONVOCATORIA PARA EL LEVANTAMIENTO DE LAS ACTAS PREVIAS A LA OCUPACIÓN RELATIVAS A BIENES Y DERECHOS AFECTADOS POR EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL "PROYECTO DE ADECUACIÓN DEL CAUCE Y ORDENACIÓN DE MÁRGENES DE LOS RÍOS SARRIA Y CELEIRO EN EL T.M. DE SARRIA (LUGO). 1ª FASE". CLAVE: M1.444.088/2111.

Por resolución del presidente de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil de fecha 10 de abril de 2013 se aprobó el expediente de información pública y el "Proyecto de adecuación del cauce y ordenación de márgenes de los ríos Sarria y Celeiro en el T.M. de Sarria (Lugo). 1ª fase".

Para la ejecución de las citadas obras se declaró la urgente ocupación de los bienes y derechos afectados mediante acuerdo del Consejo de Ministros de 17 de mayo de 2013, siendo por tanto de aplicación la normativa que establece el artículo 52 de la vigente Ley de Expropiación Forzosa de 16 de diciembre de 1954 y concordantes de su Reglamento, de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, esta Confederación Hidrográfica, en virtud de las atribuciones que tiene conferidas y haciendo uso de las facultades que le otorga el artículo 98 de la Ley de Expropiación Forzosa y atendiendo a lo señalado en las reglas 2ª y 3ª de su artículo 52, ha resuelto convocar a los titulares afectados, conforme se les notifica en las correspondientes cédulas individuales y en los anuncios publicados en los diarios "LA VOZ DE GALICIA" y "EL PROGRESO", en el Boletín Oficial del Estado y en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, para que previo traslado a las fincas de ser ello necesario, se proceda al levantamiento de las actas previas a la ocupación en el lugar, fechas y horas que a continuación se indican:

LUGAR	FECHA	HORAS
Salón de actos de la Casa da Cultura de Sarria. Rúa Marqués de Ugena, s/n. 27600 - Sarria (Lugo)	26 de septiembre de 2013	9:00 a 13:30 h y 17:00 a 20:00 h
	27 de septiembre de 2013	9:00 a 13:30 h

La relación de bienes y derechos afectados fue publicada en el Boletín Oficial del Estado de 26 de enero de 2013, en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo de 2 de enero de 2013 (corrección de errores en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo de 25 de enero de 2013) y en el diario "EL PROGRESO" del día 3 de enero de 2013

(corrección de errores en su edición del 18 de enero de 2013), pudiendo haber sido examinada, junto con los planos parcelarios, en el Ayuntamiento de Sarria y en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil en Ourense (C/ Curros Enríquez, nº 4, 2ª planta, 32003 - Ourense) y en Lugo (Ronda da Muralla, nº 131, 2ª planta, 27071 - Lugo).

Esta publicación, a tenor de lo dispuesto en el artículo 59.5 de la vigente Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, servirá como notificación a los posibles interesados que no hayan podido ser identificados, a los titulares de bienes y derechos afectados que sean desconocidos, y a aquéllos de los que se ignore su paradero.

Al acto concurrirán los afectados personalmente o bien sus apoderados, provistos de su Documento Nacional de Identidad, cartilla bancaria de los titulares y documentación acreditativa de la titularidad, pudiéndose acompañar de sus peritos y un notario, cuyo coste será a su cargo.

Conforme establece el artículo 56.2 del Reglamento de Expropiación Forzosa, hasta el momento en que proceda al levantamiento de las citadas actas previas a la ocupación, los interesados podrán formular, por escrito, ante esta Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (C/ Curros Enríquez, nº4, 2ª planta, 32003 Ourense) alegaciones a los solos efectos de subsanar posibles errores que se hayan producido al relacionar los bienes afectados por la urgente ocupación.

El presente proyecto, cofinanciado mediante el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER), contribuye a reducir las disparidades sociales y económicas entre los ciudadanos de la Unión.

Ourense, 26 de agosto de 2013.- El Presidente, Francisco Marín Muñoz

R. 3470
